



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

A primavera está amosando xa os seus aires e os seus sons. A natureza toda está disposta para a vida. Falta que non teña atrancos nin polas inclemencias naturais, imprevisibles moitas veces, nin pola acción dos seres humanos, que si que poderíamos axustar mellor os nosos proxectos e feitos para que a vida se expanda sen límites, e sen límites gocen dela todas as criaturas, entre elas todos os homes e todas as mulleres do mundo, por igual, sen exclusións.

Con este soño e empeño compartido facemos Coresma cada ano. Con este soño e empeño achegámonos tamén, na súa vida, paixón, morte e resurrección, a quen consideramos obreiro maior da vida. El invítanos un ano máis, nunca cansa, á aventura dunha vida nova na solidariedade máis redonda no nome de Deus. Feliz Pascua,

logo, amigas e amigos, no seu nome. E aí está, dínos el, para nos acompañar na nosa andaina humanitaria.

1.- Semana Santa diminuída?

Por mor da COVID-19 todo anda entre nós diminuído. As vidas diminuídas, as relacións sociais moi diminuídas, a actividade laboral e festiva moi diminuída, os ánimos tamén diminuídos abondo. En consecuencia encontramos masivos, festivos e reivindicativos coma os do 8 de marzo, día da muller traballadora, quedaron reducidos a pouca cousa, sen por iso perderen o seu sentido e o vigor. Tal como foi nas diferentes actividades que desde as mulleres na Igrexa se levaron a cabo, este ano baixo o lema «Revolta de mulleres na Igrexa. Ata que a igualdade se faga costume»,

coas resonancias específicas que este dito ten no ámbito eclesial, tema do que tamén diremos algo nesta Crónica. En Galicia foron Pontevedra e Santiago de Compostela as cidades nas que este colectivo se manifestou para facer ver a súa protesta e a súa proposta dun xeito creativo e respectuoso coas esixencias sanitarias do momento: presentación, cantos axeitados, memoria histórica de mulleres en revolta (María de Magdala, s. I, Macrina, s. IV, Exeria, s. IV, Hildegarda de Bingen, s. XII, Margarita Porete, s. XIII, Tareixa de Xesús, s. XVI, Sor Xoana Inés da Cruz, s. XVII, M. Antonia Pereira de Andrade, s. XVIII, Elisabeth Cady Stanton, s. XIX, Edith Stein, s. XX, Simone Weil, s. XX, Pilar Belosillo, s. XX), danza de bendición e Manifesto, que se publica nesta mesma revista.

A subliñar a campaña publicitaria especial da ACdP (Asociación Católica de Propagandistas) mesturando a figura de María como muller e má, como contrapunto á figura e dereitos da muller polos que se traballa desde o feminismo. Hai sectores da Igrexa católica española aos que lles vai esta liña de

actuación, no fondo moi crítica con toda a reivindicación feminista. Non nos parece que ese sexa o camiño para percibir o signo dos tempos que se nos ofrece no feminismo, nin a mellor maneira de contribuír desde a Igrexa a que ese movemento sexa realmente liberador para a muller e para o conxunto da sociedade. E certamente María, Santa María, foi e é para nós unha excelente muller, un referente maior para a nosa práctica cristiá, pero non para convertela en bandeira de nada que non ula á cantiga agradecida dirixida a quen atendeu e sacudiu «a humillación da súa escrava».

Pois a Semana Santa —e escribimos isto antes de que tal suceda— vai ser tamén unha Semana Santa diminuída. Serao, seguro, nas súas manifestacións externas, practicamente suprimidas todas elas. Pero non ten por que selo na súa vivencia interna. Mesmo se nos ocorre que, retirado este ano coma o pasado todo o aparato relixioso máis visual e masivo, pode iso contribuír a achegarnos máis espidos e dispoñibles á alma da Semana Santa, que non é outra cousa que a realidade de Deus

e da vida feita humanidade ferida e recuperada en Xesús. Un texto do bíblico profeta Daniel que lemos na Coresma (Dan 3, 36-40, martes semana 3) pódenos axudar a facelo así. «Agora xa non temos nin príncipe, nin profeta, nin xefe, nin holocausto, nin sacrificio, nin oblación, nin incenso, nin lugar onde che presentar as primicias e acadar misericordia. Pero que, polo menos, con corazón contrito e o espírito cheo de humildade encontremos acollida (...). Ese vai ser hoxe o noso sacrificio ante ti.» Do descubrimento que o pobo xudeu fixo dun xeito fondo de vivir a súa vinculación con Deus, tamén nós podemos aprender, e moito, nesta situación extrema que vivimos. Oxalá!

2.- Inmatriculacións veñen e van

Inmatricular neste caso quere dicir asentar no Rexistro da Propiedade por primeira vez un ben calquera como ben propio. Algo normal na nosa vida regulada en tantísimos aspectos sociais e mesmo privados. A Igrexa como institución foi posuidora de moitos bens (templos, vivendas, fincas...),

que empregaba para o desenvolvemento da súa actividade relixiosa e social. En moitos casos –noutros non– tiña de sempre o uso e dominio deses bens, pero sen que eses bens estivesen rexistrados como dela. Había unha certa aceptación social de que eses bens lle pertencían e deles coidaba e dispoñía habitualmente.

No ano 1946, no contexto da posguerra, Franco aproba unha lei hipotecaria segundo a cal se lle permitía á Igrexa católica inscribir bens ao seu nome sen máis requisito ca unha certificación do órgano diocesano correspondente, un procedemento de autocertificación que viña a dicir: declaro que isto é meu. Disque os bens inmatriculados nesta xeira andarían polos cen mil. Daquela loxicamente non houbo protesta ningunha.

Sendo Aznar presidente do goberno, previa unha reforma da lei hipotecaria, déuselle a opción á Igrexa de seguir inmatriculando bens ao seu nome mediante o aval dalgunha escritura que acreditase a propiedade ou simplemente mediante un procedemento de autocertificación. Con este sistema

inmatriculáronse entre 1998 e 2015 34.961 bens. Galicia foi a segunda comunidade autónoma, despois de Castela-León, na que a Igrexa máis inmatriculacións fixo, 7.131: 2.669 na Coruña, 2.017 en Ourense, 1.383 en Pontevedra e 1.062 en Lugo.

Esta lei segue en vigor no presente, cos mesmos procedementos. Cómpre, logo, dicir que, se a lei llo permitiu así á Igrexa, os bens así rexistrados están legalmente rexistrados, e só alguén poderá chamarse a eles, coa documentación necesaria, por vía administrativa ou xudicial. O procedemento, que nos pode parecer escandaloso, hoxe polo menos dáse tamén noutros campos. É ben coñecido o que sucede nunha concentración parcelaria: se alguén carece de documentación, pero pode acreditar un aproveitamento normalizado do terreo, e non hai ninguén que pretenda o mesmo dominio, dáselle a propiedade ao primeiro.

Pero para quen pretende ser exemplar e respectuoso cos dereitos de todos, hai máis cousas ca a simple lei. Supoñemos – non sabemos – que as cousas se farían con total transparencia e

sabendo a cidadanía por publicidade administrativa que tales bens estaban sendo obxecto de inmatriculación, para que calquera, créndose con dereito, puidese reivindicalo. E ante o clima social e as preguntas polo listado de inmatriculacións, non houbera sido elegante que a mesma Igrexa se adiantase a facelo público? Pode dar a impresión de que quen recea de publicidade algo malo agocha.

Pensamos que sobre os bens da Igrexa existe unha hipoteca comunitaria, social, importante. Os seus bens foron con frecuencia obtidos por doazóns de particulares ou de organismos públicos, por querenza cara ao labor que a Igrexa facía. Dalgunha maneira son bens de procedencia comunitaria e, se non na súa titularidade, no seu uso e destino levan sobre si esa forte marca de orixe, e calquera decisión sobre os mesmos debería facerse en clave comunitaria, en clave sinodal como nos gusta dicir agora. Igual esta procedencia comunitaria urxa nalgún caso a que a propiedade se devolva á comunidade civil ou parroquial que o facilitou, poñamos por caso unha reitoral feita coa contribución

veciñal, e agora deshabitada, ou algún campo de festa amañado e coidado pola veciñanza. Se queremos un laicado adulto, implicado, será normal que o uso e destino dos bens parroquiais se determine contando coa colaboración comunitaria. Pode parecer complexo, pero non é o máis razoable?

É posible que á conta desta historia se cree un clima social adverso contra a Igrexa, acusándoa de acaparadora. Haberá que armarse de transparencia, boas razóns e boas prácticas. Seica desde a mesma CEE se lle propuxo ao Goberno adoptar o modelo francés: que o Estado sexa o propietario de todos os monumentos artísticos (catedrais, igrejas, ermidas...), se responsabilice do seu coidado, e que a Igrexa os siga empregando para os seus fins. O Goberno non o creu conveniente, supón moito gasto e atención. E quen sabe o que pasará no momento, quizais non moi distante, no que a mesma Igrexa, carente de recursos para termar dos edificios que lle pertencen, se sinta liberada podéndoos ceder para outros usos dignos, que permitan gardar cando menos a memoria do que foi e xa non é.

E, no fondo, sempre esa básica cuestión, que é o que nos pode axudar máis a ser unha Igrexa pobre ao servizo da xente empobrecida?

3.- Pasos curtos para tan longo percorrido?

O 11 de xaneiro do presente ano o papa Francisco escribiu un *motu proprio* (*Spiritus Domini*) para modificar un punto do Código de Dereito Canónico que prohibía que as mulleres puidesen servir como acólitas e lectoras nas celebracións relixiosas, fundamentalmente na Eucaristía. Tradicionalmente, previo o cambio da imaxe externa coa sotana e a tonsura, os servizos de ostiario (non de *hostia*-víctima, senón de *ostium*-porta, entrada), que era a persoa que abría a porta e acollía os membros da comunidade, o acólito, o lector, o exorcista e o subdiácono correspondíanse coas cinco ordes menores que daban acceso ás ordes maiores: diaconado e presbiterado. Aínda que non pertencían en si ao ministerio ordenado, como formaban parte dese percorrido vocacional, xa de entrada se lles negaba

ás mulleres. Posteriormente o papa Paulo VI (*Ministerii quaedam*, 1972) elimina as ordes menores de ostiariado, exorcistado e subdiaconado, e converte o lectorado e o acolitado en servizos laicais. No parágrafo 1 do artigo 230 do CDC ditábase que só os varóns poderían desempeñar eses servizos.

Iso é o que modifica o papa Francisco no *motu proprio* antedito. En realidade, o feito non vén máis que a dar oficialidade a unha práctica habitual en moitas parroquias. As mulleres viñan desempeñando xa o servizo de acólitas e sobre todo o de lectoras nas celebracións eucarísticas. Incluso son elas as que con máis frecuencia presiden celebracións do domingo non estando o sacerdote.

A vida andou 30 ou 40 anos por diante da regulación, que leva consigo, todo hai que dicilo, certa institucionalización, certa seriedade como servizo laical, que implica recoñecer a importancia deses servizos na celebración —sobre todo o de lectorado—, a necesaria preparación e capacitación —que importante é unha boa lectora ou un bon lector!—, e unha encomenda

específica, que mesmo se podería e debería ritualizar dunha maneira sinxela e significativa para a comunidade. Iso si, non terán dereito a ningunha remuneración económica! Está ben a modificación canónica; poderíanos servir para aprender a ir por diante, non por detrás, das demandas da vida.

Máis importante nos parece —sen saír da miudeza— o feito de que a biblista catalá Nuria Calduch fose nomeada recentemente secretaria da Pontificia Comisión Bíblica, na que ademais figuran outras cinco mulleres; e tamén a decisión do papa Francisco de nomear como subsecretaria do Sínodo dos Bispos a Nathalie Becquart, relixiosa francesa das Misioineiras de Cristo Xesús, xuntamente co español Luís Marín de San Martín, relixioso agostiño. Ata o presente as mulleres tiñan participado nos Sínodos como expertas e auditoras, pero sempre sen dereito a voto; co agravante comparativo de que aos superiores maiores de ordes relixiosas, que non eran bispos, se lles concedía dereito a voto, pero ás superiores non, polo feito, claro, de non pertencer á clerecía, de seren mulleres. Isto

seguirá así, supoñemos, pero no caso de Nathalie, o feito de ser nomeada subsecretaria dálle dereito a voto, e isto é unha grande novidade.

Pero o rechamante non será que consideremos isto unha grande novidade? Non seguiremos indo 30, 40, 50 anos por detrás da realidade? Concibiríamos algo así en calquera medio social? Como é posible participar nun Sínodo e non poder votar? Por que un Sínodo que aborda problemas candentes da Igrexa en relación consigo mesma ou en relación coa sociedade de que forma parte, só lles dá entrada basicamente aos bispos? Non é isto un exceso de clericalismo, de autoritarismo? Se a Igrexa é de todas as persoas bautizadas, con idéntico dereito básico de pertenza, non habían ser todas elas, razoablemente representadas, as que puidesen participar nel? Non é isto o máis normal? O que nos queda por andar! Oxalá que precisamente o próximo Sínodo do ano 2022, que tratará sobre a Sinodalidade como elemento estruturante da Igrexa, axude a desbloquear situacións tan anómalas. O Sínodo da Igrexa alemá, en cambio, estase desen-

volvendo con criterios de participación compartida por todos os estamentos eclesiais, por iso moita xente o segue con gozo e esperanza, e moita tamén, todo hai que dicilo, con receo e indignación. Teremos sensatez, madurez e audacia para dar os pasos que o Espírito nos pida?

E, xa que falamos da Igrexa alemá, ben significativa foi a recente elección dunha muller laica, teóloga, Beate Gilles, como secretaria xeral da Conferencia Episcopal Alemá, e tamén como directora xeral da Asociación de Dioceses de Alemaña. Un feito sorprendente que moito gustou ao Comité Central de Católicos alemáns e á Comunidade de Mulleres Católicas de Alemaña, grupos moi implicados no proceso sinodal que aquela Igrexa está vivindo. Tres bispos, entre eles o presidente e o vicepresidente da Conferencia Episcopal, e unha consultoría externa de persoal decidiron esa elección. Irán por aí as cousas?

4.- Un Deus de vivos

Este é o título dunha Instrución Pastoral da CEE publicada o 22 de decembro pasado.

Aborda a necesidade de acompañar na morte a través dunha celebración axeitada das exequias cristiás. Nun primeiro capítulo bota unha ollada á maneira como hoxe se vive a morte e os retos que iso presenta para unha vivencia cristiá; no segundo presenta a fe que a Igrexa celebra nesas circunstancias; no terceiro fala do feito de acompañar no momento da morte (acoller con misericordia e propoñer a fe cristiá), e no cuarto detense na celebración mesma das exequias. Unha Instrución sinxela, digna de ser lida. Seguro que suscitará moitos parabéns por quen nos sentimos persoas cristiás, e poida que tamén algunha reticencia.

É certo que nos momentos presentes esquivamos a morte canto podemos. Faino a cultura actual e mesmo as persoas cren-tes deixámonos afectar por iso. Do terror da morte, do medo á condenación, pasamos a certa indiferenza, só ferida esta polo feito de que morrer supoña un momento duro, doloroso en si mesmo, e nos prive dunha estancia cómoda neste mundo coa nosa xente querida. Dentro e fóra do mundo da fe hai xente

que banaliza a morte. Dentro e fóra do mundo da fe hai tamén xente que está demandando que non se exclúa das nosas circunstancias vitais nin a presenza da morte nin a axeitada preparación para afrontala. Hai xente non crente e mesmo crente daquela maneira, que ante a morte renuncia aos rituais relixiosos. Hai xente non crente que organiza velorios xeitosos, que dan que pensar. E, por desgraza, é bastante frecuente que tanto nos velorios coma nas exequias feitas ao amparo da Igrexa se proceda cun aire rutineiro, con certa frialdade humana, como quen cumpre cun rito obrigado, sen máis. Ademais vai sendo frecuente que a celebración da morte sexa un dos escasos momentos nos que a propia persoa finada e moitos dos seus familiares e amizades entren nunha igrexa para acollerse dalgunha maneira ao amparo de Deus. Razón de máis para ofrecer algo que incite á fe, ao amor, á esperanza.

A Instrución fala entre outras cousas da importancia do que se di e do que non se di no decurso da celebración. Chamounos a atención na Instrución estas palabras do

n. 2 que, citando a G.S., 18, afirma: «A morte corporal, da que o home se tería liberado se non houberse pecado»... Afirmación que sostén sobre todo citando a Rom. 5, 21; 6, 23. Realmente podemos afirmar hoxe que somos mortais por termos pecado? Somos culpables da nosa condición mortal? Non estamos ante unha mostra máis dese literalismo encrriptado (do que nos falaba Torres Queiruga no artigo do anterior número desta revista) co que lemos a narración da creación no Xénese?

No n. 26 da Instrución dise atinadamente: «Conscientes da limitación da nosa linguaxe e da nosa capacidade de comprensión, hase manter a sobriedade nas afirmacións». Cremos que isto hai que aplicalo a moitos marcos de comprensión e narración cos que rodeamos o máis alá e aos que a mesma Instrución fai referencia; por exemplo iso de que a alma, separada do corpo, estase purificando e agardando así o reencontro co seu corpo no tempo da segunda vinda do Señor... Realmente, de que falamos? Non é unha linguaxe acabada, que precisa reformulacións novas? Ante

moitas cousas do alén, que sabia pode ser unha ignorancia confiada! A *docta ignorantia*, que dicía santo Agostiño ao redor destas cuestións da vida eterna, citada no mesmo documento que comentamos.

E cadra ben aquí falar dese acordo das dioceses galegas coas funerarias para xestionar de forma telemática os trámites administrativos relacionados coas exequias. Segundo informaron, para buscar «a maior transparencia e efectividade nos trámites a realizar, e seguindo as indicacións da Conferencia Episcopal, as dioceses que integran a Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela acordaron un modo de proceder conxunto para o tratamento administrativo das celebracións de exequias». E para facilitar este tratamento crearon un portal web (www.exequiasdiocesis.gal). «Deste xeito establécese que as empresas funerarias, despois de acordar a celebración do funeral co párroco, abonen as taxas correspondentes, segundo a táboa de aranceis vixentes, mediante transferencia á conta bancaria da parroquia». É algo que nestes meses se está poñendo a

andar nas diferentes parroquias galegas. Evitarase certamente o incómodo «e canto lle debo, señor cura?», garantirase o cobro dos estipendios acordados, pero perderase contacto humano e posibilidade de consideración con circunstancias económicas concretas, e, o peor de todo –cremos– renunciarase definitivamente ao soño de liberar os actos de culto dunha taxa económica, buscando o sustento dos servizos comunitarios por outras vías de colaboración nadas da conciencia de querer pertencer libremente á vida da comunidade cristiá da parroquia. Con todo, pensamos que este non vai ser o derradeiro capítulo desta historia.

5.- Vaia responso nos botou!

Así dicimos en galego cando queremos subliñar unha boa rifa. Resposos eran tamén os que os cregos botaban, previo pago, para recomendar a Deus as almas das persoas defuntas, e resposos se chamaban porque a súa realización implicaba sempre certas respostas por parte da concorrencia.

Isto vén a conto de que, cando esta Crónica estaba xa

a piques de se vestir con traxe do prelo, o 15 de marzo, fíxose pública a resposta da Congregación para a Doutrina da Fe a unha dúbida sobre as bendicións das unións de persoas do mesmo sexo. A pregunta viña formulada así: «Dispón a Igrexa de poder para impartir a bendición a unións de persoas do mesmo sexo?». E responde: «Negativamente». E engade unha longa nota que explica esta negativa, á que lle suma un parágrafo informando de que o papa Francisco deu o seu asentimento a esta publicación.

Como no caso dos resposos funerarios, tamén aquí tere-mos oportunidade de contribuír a ese responso coa nosa resposta. Moi abreviadamente a argumentación para a negativa ten que ver coa sexualidade: os homosexuais que conviven como tales, exercerán unha sexualidade como tales, e esa sexualidade é contraria ao designio de Deus, que como relacións sexuais dignas só admite as heterosexuais dentro do matrimonio. E, como dar a bendición –un sacramental que está algo á sombra do sacramento– suporía un certo recoñecemento do estilo de vida

e da práctica sexual que leva consigo, por esa razón négase a posibilidade de tal bendición. Négao a Igrexa, di, porque o nega Deus. Realmente hai que atribuírle a Deus esta negativa? Non é moi ousado facer afirmacións deste tipo?

Se é importante ter en conta a acollida que no pobo cristián teñen as normas e mesmo moita doutrina da Igrexa, para consolidar a súa solidez, parécenos que esta vai ser moi discutida. Se realmente a condición homosexual, aínda que minoritaria na humanidade, ten carta de cidadanía porque responde na maioría dos seus casos a unha condición íntima, fonda, auténtica, coa que moitos homes e moitas mulleres son tales, recoñecer iso non deberá urxir a recoñecer tamén unha práctica da sexualidade diferenciada, non exclusivamente orientada á procreación, por moito que nos descoloque? É significativo que soamente se presenten dificultades ante o uso do sexo; todo o demais entenderíase, e mesmo sería obxecto de bendicións. A moita xente, que é homosexual ou que coñece e comparte trato, amizade, traballo con persoas homosexuais, que as ama e res-

pecta en todo, váisenos facer moi difícil admitir ese enunciado primeiro co que o *responsum* abre a súa explicación: «Deus ama a cada persoa, como tamén o fai a Igrexa, rexeitando toda discriminación inxusta». Non é esta unha discriminación inxusta? Se Deus ama a cada persoa, non a amará con todas as consecuencias do seu propio ser? As protestas desde dentro da mesma Igrexa están xa empezando a chover.

6.- Unha viaxe inesquecible

De tal se pode considerar a viaxe que o papa Francisco realizou a Iraq entre os días 5 e 8 de marzo. Unha viaxe desaconsellada por case todo o mundo, polo perigo da pandemia, polos problemas de saúde do mesmo papa e polo risco dalgunha acción violenta por parte dalgún grupo activista musulmán. Manifestou o papa ser consciente de todo isto, que o pensara moito, que o rezara moito, que o consultara moito, e ao final tomou a decisión de ir a Iraq a pesar de todo como peregrino da fe e en actitude penitencial, nun estilo que recorda a san Francisco na súa visita en

1219 ao sultán na Terra Santa. Neste caso tratábase de ir a unha nación considerada como berce da humanidade e das tres grandes relixións: xudaísmo, cristianismo e o islam. Eran as terras de Ur de Caldea, de onde Abraham partira cara á terra prometida, lugar onde logo asentaron importantes imperios e culturas para a historia da humanidade. E hoxe terras estratéxicas, en conflito, moi determinantes para a estabilidade de Oriente Próximo.

Os obxectivos do Papa, polo que se foi vendo no seu percorrido, encontros e comunicacións, foron fundamentalmente catro: rexeitar claramente o terrorismo, máxime cando se leva a cabo no nome dunha relixión, condenar a inxerencia externa en Iraq, sinalando sen dicilo a Irán e a Estados Unidos, establecer pontes cos líderes musulmáns na busca dunha aposta común pola convivencia relixiosa e civil, e transmitir solidariedade, alento, esperanzas ao conxunto da poboación iraquí, tan castigada desde a *Guerra do Golfo* e sobre todo desde a invasión promovida por Bush, Tony Blair e Aznar, e dun modo moi especial acompañar

a poboación cristiá, que sufriu persecución e morte por parte do ISIS, ata o punto de se ver decimada de xeito esmagador por morte ou fuxida, pois de seren 1.300.000 non son agora máis de 300.000.

Os encontros foron sempre reducidos en número, pero ben emotivos e cargados de vida e mensaxe. A partir das 2 da tarde do día 5 foi recibido no aeroporto internacional de Bagdad, tivo un encontro co primeiro Ministro e logo co presidente da república, Barham Salih, kurdo, un demócrata convencido, que falou da súa aposta por unha convivencia harmoniosa das distintas relixións dentro do país; e a continuación viuse coas autoridades, a sociedade civil e o corpo diplomático. Foi a ocasión para se presentar como peregrino da paz e en defensa do respecto internacional pola autonomía de Iraq. Máis tarde, á noitiña, na catedral de Bagdad, puido xuntarse cun centenar de bispos, curas, seminaristas, catequistas, para compartir e animar o seu traballo evanxelizador tan complexo.

O sábado 6 tivo lugar o especialísimo encontro con Gran

Ayatollah Sayyid Al-Sistami de Najaf, unha das cidades santas do islam, xuntamente coa Meca e Medina, pois no seu santuario está a tumba do imán Alí, primo e xenro de Mahoma. Preto do santuario, nunha vivenda moi sinxela vive Al-Sistami, un verdadeiro home de Deus de 91 anos, líder indiscutible do islamismo chií maioritario en Iraq, home de grande influencia en todo o país e en todo o mundo islámico. O encontro non foi longo, non se traballou ningún comunicado conxunto, e nel prevaleceron certos detalles significativos: que el se erguese para recibir o papa, cando sempre recibe sentado, entre outras cousas pola súa avanzada idade; que o papa se descalzase ante el, segundo é costume no islam; que xa antes, no aeroporto de Najaf, por querenza de Al-Sistami, recibise ao Papa unha grande pancarta onde dicía significativamente: «Vostedes son un anaco de nós e nós somos un anaco de vostedes», texto que igual molestou a máis dun musulmán e a máis dun cristián. Pero por aí van as cousas no corazón destes dous líderes relixiosos.

Despois viría o desprazamento a Ur, a terra de Abraham, onde tivo lugar o acto quizais central de toda a viaxe: o encontro e oración de representantes das tres relixións maioritarias: xudeus, musulmáns e cristiáns. Nas súas palabras o papa urxiu á mutua comprensión, a nunca recorrer á relixión para xustificar ningunha violencia, e sinalou de forma breve e sinxela os camiños que de verdade levan á paz. Rematou a xornada celebrando a Eucaristía en rito católico caldeo na catedral de San Xosé, en Bagdad. Na súa homilía faloulles do significado de vivir as benaventuranzas na situación concreta pola que están pasando en Iraq.

No domingo 7 visitou a Rexión Autónoma do Kurdistán iraquí. Alí encontrouse coas súas autoridades e, xa en Mosul, preto da localización da histórica Nínive, na praza das catro igrexas, actualmente convertida nunha morea de escombros como moitos máis edificios civís e relixiosos da cidade, presidiu unha oración en sufraxio de todas as vítimas da violencia do ISIS, miles e miles de persoas musulmás cristiás e yazidís; inaugurou unha sinxela placa

conmemorativa e pronunciou entre outras estas palabras que se reproducirían logo en todos os medios de comunicación: «Se Deus é o Deus da vida –e certamente éo–, a nós non nos está permitido matar os irmáns no seu nome. Se Deus é o Deus da paz –e certamente éo–, a nós non nos está permitido facer a guerra no seu nome. Se Deus é o Deus do amor –e certamente éo–, a nós non nos está permitido odiar os irmáns.»

Posteriormente desprazouse á cidade de Qaraqosh, a cidade máis cristiá de todo o país, pois dos seus 50.000 habitantes o 90% son cristiáns. Tivo un encontro na catedral reconstruída da Inmaculada Concepción, onde alentou as persoas asistentes para manter a fe en situacións tan duras como as que viviron e están vivindo aínda. Foi aquí onde recibiu a visita emotiva do kurdo sirio Abdullah Kurdi, pai do tristemente famoso neno Aylan Kurdi, a foto do cal, morto nunha praia de Turquía, deu a volta ao mundo denunciando a intolerancia ante a migración non xa de Turquía, senón sobre todo da civilizada e próspera Europa. O papa rematou a xor-

nada celebrando a Eucaristía no estadio de Erbil, capital da rexión autónoma do Kurdistan iraní, ante uns 20.000 asistentes, o maior volume de persoas concentradas ao redor do papa en toda a viaxe. Foi o momento axeitado para mostrar o seu recoñecemento polo esforzo feito a prol da reconstrución e a reconciliación no país, e para agradecerlle á Igrexa local, ás demais confesións relixiosas e ás diversas autoridades civís a súa colaboración imprescindible para a realización da súa viaxe, coa que quería recoñecer o esforzo feito e confirmalos na súa fe e testemuño cristián.

En lembranza desta visita do papa, Iraq celebrará cada 6 de marzo o Día Nacional pola Tolerancia e a Convivencia.

Coido que non temos suficiente perspectiva histórica para decatarnos do alcance de viaxes coma esta. A «aventura» do papa, porque o era, axudou a crear unha corrente de empatía e de valoración mutua, moi consciente, nada inxenua, con mensaxes e propostas concretas no espiritual, no político, para que en definitiva a paz chegue a ser real no mundo. Ai, se os

líderes relixiosos e políticos se visitasen sempre así como peregrinos da paz, en actitude penitencial, ansiando atopar as maneiras de restituír a paz e a dignidade para todo ser humano en calquera parte do mundo!

7.- Nomes para a lembranza

Robert Sarah, Guinea-Conakry, 1935, nomeado arcebispo de Conakry por Xoán Paulo II en 1979, e cardeal por Bieito XVI en 2010, desempeñaba o cargo de prefecto da Congregación para o Culto Divino e da Disciplina dos Sacramentos, para o que en 2014 fora designado polo papa Francisco. O papa acepta a renuncia que por norma todo bispo debe pedir cando cumpre os 75 anos; Sarah cumpríraos xa no mes de xuño; iso leva consigo que renuncie tamén ao cargo da prefectura da que era responsable, aínda que en 2019 cumpríranse xa os cinco anos para os que fora elixido prefecto. É voz común que o papa, por algo así como elegancia de comuñón, non quixo apresurarse na aceptación da renuncia dun cardeal intelixente, piadoso, moi espi-

ritual, morniño nas formas, pero persoa con moito influxo entre a xente conservadora e –disque– un chisco intrigante, seguro que con boa vontade; en todo caso moi arredado da liña que o papa Bergoglio promove. A despedida de Robert Sarah nas redes –acompañada de dúas fotos, unha rezando ante a tumba de Xoán Paulo II e outra misando de costas á xente– reza así: «Estou nas mans de Deus. A única rocha é Cristo. Vémonos axiña en Roma ou noutros lugares». Hai quen o soña papa. Que ben –dicímolo con todo o respecto–, que ben que estes homes significados na vida da Igrexa, rematado o seu servizo episcopal, quixesen volver á Igrexa local que lles deu corpo e alma, e nela morrer en servizo humilde, máxime en tempos nos que en tantos deses lugares tanto se precisa a animación sacerdotal!

Segundo Leonardo Pérez López, Buriz (Guitiriz), 1948, que deixa o cargo de Deán do Cabido Compostelán despois dos dous mandatos de 4 anos que permiten os estatutos. Seguirá vinculado á cidade compostelá e ao mundo das peregrinacións como responsa-

ble da Oficina Internacional de Acollida do Peregrino. Segundo pertenceu á diocese de Mondoñedo-Ferrol ata o ano 2012, no que se incardina na de Santiago; o seu corazón segue apegado ao Buriz natal, parroquia da que segue a ser cura. Home de fonda formación teolóxica, doutor en Teoloxía por Salamanca, educador e mestre coa palabra, coa escrita e co acompañamento de seminaristas e estudosos da teoloxía, coa especialidade de Antropoloxía Teolóxica, e investigador apaixonado en diferentes campos da historia da Igrexa galega, os seus títulos e responsabilidades foron e son moi variadas; subliñaríaa de impulsor e director da revista «Estudios Mindonienses», a súa posta en valor das figuras de San Rosendo e Aldara de Celanova como persoeiros senlleiros da Galicia do alto medievo, a renovación da xestión interna da basílica compostelá (economía, coidado de fondos) despois da enredosa e reveladora historia do roubo do códice Calixtino, o seu labor como dinamizador espiritual do fenómeno das peregrinacións, e moi especialmente o traballo de rehabilitación do conxunto da catedral no

que como deán houbo xogar un papel moi especial. Oxalá que a súa vida poida seguir sendo ben fecunda a favor do evanxeo, a favor do pobo.

André García Vilariño, Carballo, 1946, que se xubila da súa condición de párroco, despois dunha traxectoria encomiable de servizo pastoral. Quizais a nivel de Galicia, García Vilariño foi sobre todo coñecido pola súa responsabilidade na realización dos programas na TVG *A sentinela* e *A Santa Misa*, cos que levou a cabo un traballo de normalización do galego na liturxia e de evanxelización poñendo en valor determinadas realidades de cálido significado cristián coas persoas que as levaban a cabo. Un traballo sinxelo, digno, que, acompañado logo polo seu xeito de celebrar a Eucaristía, acababa ennobrecendo a experiencia relixiosa.

Pero García Vilariño significouse ademais en moitas máis áreas. Foi un premiado escritor de literatura infantil e xuvenil. Quen non lembra títulos como *O globo máximo* e *O Deus desaparecido*, premios 1.º de O Barco de Vapor 1987 e 1990 respectivamente.

Ou *O crocodilo na habitación* (1994), traducido ao castelán, ao éuscaro e en braille. A máis diso foi profesor de Formación Religiosa Católica na facultade de Ciencias de Educación da Universidade da Coruña, e tamén Delegado de Apostolado Segrar na diocese de Santiago, e por último, desde o ano 2013, párroco das parroquias da Cidade Vella da Coruña: Santa María do Campo e Santiago.

Sabemos que a xubilación non vai significar deixar de ser o que é: un home de Deus, empeñado na súa causa, na causa do ser humano concreto que estea ao seu carón. Desde *Encrucillada* recordámolo con agradecemento por nos ter agasallado por diferentes colaboracións súas e porque ao seu xeito particular sempre veu compartindo o desexo de xuntar fe e galeguidade desde o respecto e a afabilidade.

8.- Un adeus agradecido

Por un despiste non ofrecemos na Crónica anterior este recoñecemento necesario a un sinxelo home grande da nosa Igrexa. Xustamente o día de Nadal nacía a unha nova vida no

seo de Deus Bieito Peleteiro, un dos tres irmáns Peleteiro, significados pola súa contribución na construción dunha Igrexa pobre para os pobres en Galicia. Co permiso do autor, recolleemos aquí esta breve memoria dun antigo compañeiro e amigo, Antón Gómez González.

«Hoxe quero lembrar un compañeiro e amigo, Bieito Peleteiro Rodríguez, que pertenceu á Congregación da Misión, fundada por Vicente de Paúl (PP. Paúles), ao igual que os seus irmáns Xosé Carlos (xa finado) e Manuel, ademais da súa irmá Consuelo, que é filla da Caridade.

Bieito non era de moito falar, pero si absolutamente comprometido co espírito de San Vicente de Paúl, da opción polos pobres cos que compartiu os seus problemas na emigración en Londres, durante gran parte da súa vida, e cos campesiños, na provincia da Coruña, que incluía a opción polo pobo galego que quixo significar galeguizando o seu nome, e na contorna de Vilafranca do Bierzo, até que os responsables da Congregación cerraron a casa de Vilafranca. Todo na súa vida foi

sinxelo. Dende a vestimenta ao comportamento e aparencias. Era próximo e diáfano. Acolledor e respectuoso. Era bo.

Pechadas todas as portas regresou co seu irmán Manolo á casa paterna para compartir coa veciñanza o traballo e o modo de vida, coa súa mínima pensión de xubilación, e continuar a loita pola dignidade do rural galego, participando, entre outras actividades, no foro de curas galegos «Monseñor Araújo» e noutras asociacións rurais galegas coas que sempre estivo comprometido.

Un exemplo de encarnación, de entrega, de bonhomía. Hoxe foi incinerado. Mañá a familia máis achegada compartirá a eucaristía parroquial de Viñoás, na que viña participando coma un máis, para celebrar o seu pasamento e, cando as circunstancias o permitan, convocáranos a amigos e a cantos o desexen para participar nunha celebración de agradecemento. Grazas, Bieito, por terte coñecido, pola túa traxectoria e entrega».

Manuel Regal Ledo